



DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A COMUNICACIÓN E/OU SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DUN NÚCLEO ZOOLOXICO

REQUISITO	DESCRICIÓN
A) ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE	Fotocopia cotexada titular/responsable do núcleo zoolóxico (DNI / Constitución empresa)
B) MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE	<ul style="list-style-type: none">•Características e finalidade do núcleo zoolóxico, con indicación da capacidade máxima para o aloxamento dos animais albergados (por especies)•Inventario dos animais da colección, no que conste:<ul style="list-style-type: none">✓Identificación individual✓Especie e subespecie✓Sexo✓Data de nacemento✓Data de alta na colección✓Procedencia (nome do centro/titular anterior e enderezo)•No caso de aloxar especies silvestres: Copia cotexada da documentación acreditativa da orixe legal dos animais (documentos CITES, autorizacións de tenza, documentos de cesión, facturas de compra...)•Copia cotexada autorización para a tenza de animais potencialmente perigosos (copia da inscrición no rexistro municipal e da licenza de tenza correspondente)•Xustificación do cumprimento dos artigos 29 e 41 Decreto 153/1998•Xustificación do cumprimento do artigo 42 Decreto153/1998, do 2 de abril¹•No caso dos centros de recollida de animais abandonados e centros de adopción: Documentación acreditativa da delegación de competencias/prestación do servizo para a recollida e adopción de animais abandonados, emitida pola autoridade correspondente.
C) PROXECTO TÉCNICO (asinado por persoal técnico competente)²	<ul style="list-style-type: none">•Localización ou emprazamento•Trazado e descrición do peche lídante•Situación e distribución das construcións, locais, dependencias e accesos³•Localización e descrición do lazareto ou zona de illamento, agás os centros de

¹Só no caso de alimentar aos animais con subprodutos animais non destinados a consumo humano (SANDACH): Autorización para o seu emprego como usuario final de SANDACH outorgada pola Consellería do Medio Rural.

² Persoal con titulación en enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura ou arquitectura técnica

³ No suposto de que a colección inclúa especies exóticas invasoras os espazos deberán asegurar que se cumpre co disposto no Regulamento (UE) nº 1143/2014, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación das especies exóticas invasoras e no Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.



	<p>terapia con animais e os dedicados á hixiene e ao coidado estético dos animais.</p> <ul style="list-style-type: none">• Sistema de eliminación de fluídos corporais/feces/esterco e augas residuais.• Descrición dos locais, materiais empregados, superficies, camas...• Sistema de calefacción (de ser o caso)• Subministro de electricidade• Subministro de auga de bebida• Subministro de auga quente, sistema de secado e mesa de traballo segura, segundo proceda.• Localización da sala de espera, no caso dos establecementos veterinarios
D) INFORME TÉCNICO (asinado por veterinario)	<ul style="list-style-type: none">• Programa de manexo axeitado para que os animais manteñan un bo estado de saúde, detallado para cada especie e grupo de idade• Programa definido de hixiene e profilaxe para os animais aloxados, detallado para cada especie e grupo de idade, concretando prazos e principios activos• Protocolo de limpeza e desinfección de locais, materiais e utensilios en contacto cos animais. Tamén en vehículos no caso de ser utilizados. Indicando principios activos, métodos, materiais e prazos concretos. DDD mínima semestral
E) XESTIÓN DE SANDACH⁴	Medios apropiados para a manipulación e almacenamento/depósito hixiénico de restos/cadáveres de animais: Declaración responsable ou contrato con xestor de subprodutos autorizado.
F) TAXAS	Xustificación do pagamento das taxas

⁴ Subprodutos animais non destinados ao consumo humano.



TAXAS 2018

1. Concepto e importe da taxa

Cod. Taxa	Concepto	Importe (€)
30.34.02	Autorización de establecementos de animais domésticos e salvaxes en cativeiro	48,48

Formas de pago:

A) Presencial

Nunha entidade bancaria colaboradora da Xunta de Galicia, mediante modelo normalizado que pode encontrar e cumprimentar na propia entidade.

B) Telemático

Tamén se pode facer o ingreso mediante medios electrónicos con seguinte enlace:
<http://www.atriga.es/a-agencia-tributaria-de-galicia/servicios/oficina-virtual-tributaria/servicios-sin-certificado>

Entrar na oficina virtual: taxas, prezos, multas e sancións – pago telemático de Taxas e prezos.

Datos para a realización do trámite de pagamento:

Consellería: 15- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación del Territorio

Servicio: 04- Dirección Xeral de Conservación da Natureza / Patrimonio Natural

Delegación: 13 Servicios Centrais